

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 5 DE NOVEMBRO DE 2015**

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:03 horas do 5 de novembro de 2015, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as que integran os seguintes grupos políticos:

### **Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

Don Alfredo Laudelino García Rodríguez  
Dna. Margarida Pizcueta Barreiro  
D. Aurentino Alonso Araujo  
Dna. María Irene Dacal Feijóo  
D. Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana  
Dna. Diana Urdangaray Díaz  
D. Miguel Neira Ojea  
Dna. Cristina Domínguez Rodríguez  
D. Jesús Jares Almeida  
Dna. Alicia Álvarez Fernández

### **Grupo Municipal del Partido Popular:**

D. Arsenio Moldes Gómez  
Dna. Sabina Aguado García  
D. Enrique Pérez Roca  
D. Antonio Melo García

### **Grupo Municipal Mixto:**

D. Félix García Yáñez

Non asisten a concelleira D<sup>a</sup> Nieves Rodríguez Voces e o concelleiro D. Carlos Javier Crespo Díaz, cuxas ausencias son desculpadas polo alcalde.

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o axunto á intervención Don Rubén Vizcaíno Pena.

Declarado aberto o acto polo sr. alcalde-presidente, concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal del Partido Popular, o sr. Moldes Gómez, quen di que quere desexarlle ao sr Alcalde a mellor sorte no seu novo cargo como Presidente da Fegamp, mostrando o seu agradecemento o sr Alcalde.

De seguido procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 26 de outubro de 2015.**

Pregunta o sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 26 de outubro de 2015, ao non formularse algunha observación, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos quince concelleiros asistentes na sesión.

### **2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a proposta de transmisión da praza de garaxe número 53.**

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, sr. Alonso Araujo, que di que, antes de entrar no presente asunto da Orde do día, quere no nome do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sumarse á felicitación ao Alcalde como novo presidente da Fegamp e que o éxito estea asegurado. Di o sr Alonso Araujo que a proposta deste punto é sobre a transmisión dunha praza de garaxe en concesión no edificio municipal Multiusos, que era unha das primeiras prazas que se adxudicaran e a concesión daquela era cunha duración de 90 anos e que agora, por un cambio normativo, é por duración de 75 anos, que segundo se establece na normativa reguladora a transmisión de prazas de garaxe entre particulares non pode ser directa e ten que mediar o Concello, que como non hai unha lista de espera de adxudicacións, que entre o transmitente e o que vai recibir a praza chegaron a un acordo que deron a coñecer ao Concello. Remata dicindo o sr. Alonso Araujo que no acordo que se vai a tomar requírese ao novo propietario para que ingrese a cantidade de 8.210.08€ correspondente ao canon concesional e que quere sinalar que neste caso a concesión será por 79 anos.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal del Partido Popular, o sr. Moldes Gómez, que di que aínda que na Comisión informativa se abstiveron, vistos os informes o seu Grupo vai votar a favor.

Di o sr García Yáñez que tamén votará a favor.

A Comisión informativa de Contas acordou en sesión de 30 de novembro de 2015 ditaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE TRANSMISIÓN DA PRAZA DE GARAXE NÚMERO 53

Antecedentes

1 Con data 4 de maio de 2015 ( R.E. núm. 4.183 ) e 25 de xuño de 2015 ( R.E. núm. 6.096 ), presentouse solicitude de transmisión de concesión demanial sobre a praza número 53, por parte de Procupisa S.L.U, CIF 32112534, a favor de D. Amador Vidal Rodríguez, DNI 9999471Z.

2 Por resolución da Alcaldía de data 29 de xullo de 2015, aprobouse a lista de espera para a adxudicación de autorizacións ou concesións demaniais para o uso privativo das prazas de garaxe sitas no edificio de usos múltiples municipal. Na citada lista, se procedeu a súa inclusión de PROCUPISA S.L.U., coma renunciante da concesión demanial sobre a praza número 53, e a Amador Vidal Rodríguez, DNI 9999471Z, coma adquirinte da praza.

3 A resolución anterior foi notificada a PROCUPISA S.L.U. e a D. Amador Vidal Rodríguez, comunicándolles a admisión a trámite da solicitude de transmisión.

4 Con data 19 de agosto de 2015 ( R.E. núm. 7.817 ) aportouse por D. Amador Vidal Rodríguez a seguinte documentación:

Certificado de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias ca Administración do Estado.

Certificado de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias ca Administración Autonómica.

Certificado de atoparse ao corrente nas súas obrigas ca Seguridade Social.

5 Con data 21 de agosto de 2015, reuniuse a Mesa para a concesión administrativa de prazas de garaxe no soterrado do edificio de usos múltiples, acordando o seguinte:

“ B.- PRAZA NÚM. 53

1º.- Propor coma adxudicatario a D. Amador Vidal Rodríguez, DNI 9999471Z, da praza núm. 53. A adxudicación será por 79 anos e por un canon de 8.210,08 euros.

2º Requirir a D. Amador Vidal Rodríguez, DNI 9999471Z, proceda a:

- a) Ingresar a cantidade correspondente ao canon concesional, isto é 8.210,08 euros.
- b) Presentar a seguinte documentación:

Declaración de non estar incurso en causa algunha de incapacidade e/ou incompatibilidade para contratar ca Administración Pública, segundo o artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 3/2011. ”

6 Previo requirimento cursado ao efecto, con data 31 de agosto de 2015 ( R.E. núm. 8.097 ), aportouse por D. Amador Vidal Rodríguez a seguinte documentación:

Declaración de non estar incurso en causa algunha de incapacidade e/ou incompatibilidade para contratar ca Administración Pública, segundo o artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 3/2011.

Resguardo acreditativo de ter ingresado no Concello a cantidade de 8.210,08 euros en concepto de canon concesional.

Consideracións Legais e Técnicas:

Primeira.- O presente acordo ten por obxecto a transmisión dunha concesión demanial para o uso privativo da praza de garaxe núm. 53 sita no soterrado do edificio de usos múltiples. A concesión demanial sobre a praza 53 outorgouse por acordo plenario de data 5 de febreiro de 2004, formalizándose con data 16 de xuño de 2004. A duración da concesión é de 90 anos dende a data da formalización

Segunda.- O prego de condicións xurídicas e económicas reguladoras da adxudicación de concesións administrativas consistentes no uso privativo das prazas de garaxe sitas no soterrado do edificio de usos múltiples, vixente ao momento de outorgamento da concesión, regula a transmisión das prazas nos seguintes termos:

“ 13º.- *TRANSMISIÓN DE LA CONCESIÓN*

*Con carácter general, la titularidad de la concesión se perderá por voluntad del titular y se resolverá mediante nueva adjudicación a otro solicitante que encabece la **lista de espera** que debidamente actualizada a tal efecto existirá en este Concello.*

*La actualización de la lista de espera se producirá siempre que exista **nuevo solicitante** legitimado o se produzca vacante a cubrir y como mínimo una vez al año coincidiendo con el cierre del ejercicio. El plazo para la actualización citada será de 30 días naturales desde que se produzca la situación que la motive y recogerá cuantas solicitudes se hayan producido en ese tiempo.*

*Una vez designado el futuro titular de la plaza vacante y comunicada la concesión al mismo, éste deberá desembolsar al Concello la cantidad resultante de la aplicación de la fórmula prevista en el párrafo siguiente antes de transcurrir 10 días hábiles desde la comunicación. Dicho importe, una vez satisfecho, será puesto a disposición del antiguo titular de la plaza en el plazo de 30 días.*

*La aportación económica a modo de canon aplicable a esta transmisión será la que resulte de aplicar la siguiente fórmula:*

*( Aportación inicial + Variación IPC durante ) x Número de años que restan de la concesión*

-----  
*Duración de la concesión*

*Se exceptúa este sistema, cuando se produzca la venta de una vivienda en la que era el dueño de la misma titular de una plaza de garaje en el inmueble al que estamos haciendo mención. En este caso se autorizará la transmisión de la concesión de la utilización privativa de la plaza de garaje al nuevo adquirente. ”*

En termos similares se pronuncia o prego actual.

Terceira.- A cláusula anterior, permite a transmisión das prazas, se ben, non de modo directo entre particulares, senón a través do Concello que actúa coma mediador da transmisión, a través dunha lista de espera, como mecanismo máis favorecedor da concorrencia competitiva ao permitir a renuncia á concesión demanial, sempre que haxa un solicitante en lista de espera, o que daría prioridade a ese solicitante inscrito na lista de espera ( pola orde inscrita ) respecto doutros interesados que solicitaren a transmisión ao marxe da lista. E por elo, que a transmisión debe efectuarse a través da correspondente lista de espera. Igualmente, este control municipal da transmisión, preestablecendo o canon a pagar fai boa a consideración das concesións demaniais coma *res extra commercium*, e polo tanto, fóra do tráfico xurídico privado por ser expresión dunha función pública

Cuarta.- Con carácter xeral, para ser adxudicatario dunha concesión, deberá acreditarse a non incursión en ningunha das causas de incapacidade o incompatibilidade para contratar segundo o prego vixente. Por elo, o futuro adxudicatario da praza deberá presentar a seguinte documentación:

Declaración de non estar incurso en causa algunha de incapacidade e/ou incompatibilidade para contratar ca Administración Pública, segundo o artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/2011.

Certificado de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias ca Administración do Estado.

Certificado de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias ca Administración Autonómica.

Certificado de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello do Barco de Valdeorras.

Certificado de atoparse ao corrente nas súas obrigas ca Seguridade Social.

Quinta.- Logo de ver que polo futuro titular da praza aportouse a documentación esixida así coma

resguardo acreditativo de ter ingresado no Concello a cantidade de 8.210,08 euros en concepto de canon concesional, así como o informe favorable do Técnico de Administración Xeral de data 5 de xuño de 2015.

ACORDAMOS:

1º Autorizar a transmisión da concesión demanial para o uso privativo da praza de garaxe núm. 53 por parte de Procupisa S.L.U, CIF 32112534, a favor de D. Amador Vidal Rodríguez, DNI 9999471Z.

A adxudicación ao novo titular será por un prazo de 79 anos.

2º Poñer a disposición de Procupisa S.L.U, CIF 32112534, a cantidade de 8.210,08 euros en concepto de canon concesional, nun prazo de 30 días.

3º Requirir ao D. Amador Vidal Rodríguez, DNI 9999471Z para que dentro dos 30 días seguintes á recepción da presente, proceda á formalización do contrato de concesión.”

Rematado o debate o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus quince membros asistentes, adoptou o seguinte acordo:

**1.- Autorizar a transmisión da concesión demanial para uso privativo da praza de garaxe núm. 53 por parte de Procupisa S.L.U. (CIF 32112534), a favor de D. Amador Vidal Rodríguez (DNI 9.999.471-Z).**

**2.- Poñer a disposición de Procupisa S.L.U. (CIF 32112534), a cantidade de 8.210,08€ en concepto de canon concesional, nun prazo de 30 días.**

**3.- Requirir a D. Amador Vidal Rodríguez (DNI 9.999.471-Z) para que dentro dos 30 días seguintes á recepción da presente, proceda á formalización do contrato de concesión.**

**3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a bonificación no ICIO solicitada por Roberto Sánchez Arias**

O Alcalde fai uso da palabra para dicir que a solicitude de bonificación refírese a obras de rehabilitación dunha vivenda sita en Alixo, que conta cos informes técnicos favorables e lle corresponde unha bonificación do 75%. Dáse conta do ditame da Comisión informativa de Patrimonio, Facenda, Contas de Promoción Económica de 30 de outubro de 2015, que copiado literalmente di:

“-Logo de ver a solicitude de data 29/09/2015 co nº 9105 do Rexistro de entrada e data 30/09/2015, presentado por D. Roberto Sánchez Arias, para a realización de

traballos de rehabilitación nunha vivenda situada en Alixo (núcleo rural tradicional ou de expansión).

-Logo de ver o informe favorable do Arquitecto Municipal de 14/10/2015

-Logo de ver a fiscalización de conformidade feita pola Intervención con data 19/10/2015.

-Logo de ver o preceptuado no artigo 103 do RD Legislativo 2/2004, artigo 6 da Ordenanza reguladora do ICIO e demais normativa de aplicación

**DITAMINAMOS:**

1º.- Declarar a obra descrita nos antecedentes, de especial interese social e histórico-artístico, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.3 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

2º.- Proponer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% na cota do ICIO.”

Non producíndose debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus quince membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de especial interese social e histórico-artístico, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.3 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.**

**Segundo: proponer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% na cota do ICIO.**

**4º Previa ratificación da súa inclusión na Orde do día, proposición da Alcaldía relativa a recoñecemento de compatibilidade 2ª actividade no sector público a Mª Generosa Rochela Vilar.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr. Alcalde di que este asunto non puido ir á Comisión informativa porque cando se celebrou aínda non se recibira a documentación da Universidade de Vigo, pero que os voceiros puideron ver o expediente ao estar coa documentación do Pleno, que se trata dun recoñecemento de compatibilidade de 2ª actividade no sector público, solicitado pola avogada do CIM, que ten unhas horas contratadas neste Concello en horario de mañá en días alternos e no resto do horario semanal foi requirida para traballar como profesora asociada na Universidade de Vigo e que os informes son favorables.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal del Partido Popular, o sr. Moldes Gómez, que di que xa viron o informe de Secretaría e que o seu voto vai a ser favorable.

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr García Yáñez que fai uso dela para dicir que o seu voto tamén é favorable pero facendo a salvidade que este é dunha traballadora laboral temporal e precisamente por iso o seu voto a favor e que se non fosen esas as condicións habería que pensalo.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus quince membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: recoñecer a compatibilidade de D<sup>a</sup> María Generosa Rochela Vilar, asesora xurídica (avogada) do Centro de Información á Muller do Barco de Valdeorras, para o exercicio da actividade docente na Universidade de Vigo (profesora asociada T3-P3), dentro das limitacións funcionais e temporais previstas na Lei 53/1984.**

**Segundo: Notificar o presente acordo á Universidade de Vigo, así como á asesora xurídica do CIM do Concello.**

## **FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

**1. Previa ratificación da súa inclusión na Orde do día, proposición presentada polo Concelleiro delegado de Servizos Sociais do Concello do Barco de Valdeorras, relativa a “*Marcha estatal contra as violencias machistas de 7 de novembro 2015*”**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ao concelleiro delegado de Servizos Sociais, sr. Saavedra Cantillana, quen dá lectura da proposición presentada, que copiada literalmente di:

### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O 7 de novembro de 2015 confluírán en Madrid milleiros de persoas de todo o Estado convocadas polo Movemento Feminista, para se manifestar contra os distintos xeitos de violencia machista.

Todas as persoas e entidades, especialmente as públicas, estamos emprazadas non só a manifestármolos e contribuír a esta acción cidadá, senón a reactivar e a mellorar a prevención e a resposta á subsistencia da violencia machista evidenciada nos casos gravísimos deste verán. É evidente que, a pesar da Lei integral contra a violencia de xénero de 2004, das numerosas leis autonómicas ou da ratificación do Convenio de Istambul (BOE do 06.06.14) as mulleres seguen a estar desprotexidas, porque as leis non se reflicten no ámbito educativo, que é un pilar importantísimo para a prevención das condutas machistas e porque a súa aplicación tan só dá protección laboral ou económica ao 1% das 126.742



denunciantes. Ao ser tan poucos os apoios segue a crecer a desigualdade, que é o caldo de cultivo da violencia.

Os concellos, como a institución máis próxima, somos imprescindibles para a prevención e a atención social, xurídica e psicolóxica que establece o artigo 19 da lei estatal de 2004. Con todo, o artigo 27.3.c) da Lei de Réxime Local reformado pola Lei 27/2013 di que os concellos só poderán prestar servizos sociais, de promoción da igualdade de oportunidades e de prevención da violencia contra a muller por delegación do Estado ou da Comunidade Autónoma financiada ao 100%, que en absoluto cobren os 6 millóns da partida 45 do programa 232C de Violencia de Xénero no Proxecto de Orzamentos do Estado 2016.

Por todo iso, o concelleiro delegado de Servizos Sociais do Concello do Barco de Valdeorras, facéndose eco da decisión dun grupo de mulleres reunidas en asemblea o día 27 de outubro no Concello do Barco de Valdeorras, e facendo seu o manifesto do movemento feminista no que se motivan as razóns polas cales se convoca a Marcha contra a violencia machista o 7 de novembro, así como as propostas das diferentes entidades sindicais que apoian a iniciativa, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando ao Concello a:

1. Colocar o 7 de novembro de 2015, na fachada do Concello unha pancarta violeta co lema “contra as violencias machistas” e promover a participación cidadá na Marcha.
2. Facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, como xa se vén realizando neste Concello, por ser o Día Internacional contra a violencia cara ás mulleres.
3. Reafirmarse no compromiso de seguir sostendo todos os días do ano, todos os anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica, ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei Orgánica 1/2004, reclamando desde este Concello ás administracións estatal e autonómica o establecemento dun sistema estable de financiamento a longo prazo.
4. Manter e asegurar unha atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, insistindo e avogando pola efectividade dentro do proceso de atención da confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva á xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.
5. Contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en tódalas etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.
6. Realizar campañas de sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia en todas as actuacións e servizos de competencia municipal.
7. Erradicar o sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos e apostando por unha linguaxe non sexista.

8. Seguir desenvolvendo como se vén facendo neste Concello, unha atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e a outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, inmigrantes, con diversidade funcional, paradas ou dependentes, e non incorrer na victimización múltiple nos procesos de atención.
9. Fomentar a participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres.
10. Enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e Informes ao GREVIO para a aplicación do Convenio de Istambul que establece no seu artigo 68 inclúa, conforme aos artigos 7.3 e 18.2, as actuacións da Administración local.”

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Mixto, o sr. García Yáñez, que fai uso da palabra para dicir que están a favor da moción de condena á violencia machista e que pensa que dende o Concello do Barco se debería comezar a corrixir certas actitudes tendentes a que a igualdade de mulleres e homes sexa un feito, e nesa liña, en primeiro lugar, se debe utilizar linguaxe non sexista, tanto nas comunicacións orais como escritas que se tramitan dende o Concello, en segundo lugar, se debe utilizar o termo violencia machista en vez de violencia de xénero, xa que pensan que a violencia machista transcende o ámbito privado e non é un problema doméstico nin unha cuestión menor e que é un fenómeno xeneralizado, unha cuestión de estado equiparable a calquera outro xeito de terrorismo, que o seu Grupo propón que dende todas as institucións se reivindique a necesidade dun pacto de estado para arrincar de raíz esta lacra social, en terceiro lugar, que se debe apoiar dende o Concello a Plataforma contra a Violencia Machista, asistindo aos actos e manifestacións que se convoquen no Barco reprobando as actitudes machistas ante calquera agresión puntual e, en cuarto lugar, se debe reprobado actitudes que aproveiten a situación de necesidade e precariedade laboral da muller cambiando sexo por postos de traballo, como no presunto caso do actual presidente da Deputación Provincial.

Concédeselle a palabra á concelleira do Grupo Municipal del Partido Popular, a sra. Aguado García, que fai uso dela para dicir que ela non tivo coñecemento da celebración o día 27 da Asemblea de mulleres no Concello, que coñeceu iso na rúa sen saber quen convocaba nin a quen se convocaba nin á hora que se celebraba, polo que non puido asistir, que ela persoalmente e as súas compañeiras de Partido están abertas a participar si se considera que poden axudar, e que xa que o Concello fai seu o manifesto feminista que convoca a marcha houbéselle gustado que se xuntara á Moción presentada para poder ter un coñecemento máis profundo do tema. Di que xa que se fala do Convenio de Istambul o seu Grupo quere manifestar que ese Convenio fala de violencia contra a muller e violencia

doméstica, que entenden que eses termos son máis adecuados que o de violencia machista, xa que ese podería parecer que se refire soamente á violencia dos homes contra as mulleres, cando pensa que se fai referencia a algo máis amplo, como a violencia dos pais cos nenos, por exemplo, que estaría incluído dentro da violencia doméstica. Di a sra. Aguado García que en relación ao tema de financiamento aos Concellos, do que se fala na Moción, xa existe unha orde de axudas e subvencións que no presente ano 2015 foi aumentada en máis dun millón de euros con respecto á do ano 2014, aínda que están de acordo en que todo o que sexa ampliar é bo, que tamén están de acordo en apoiar todo o que supoña abordar estes problemas dende o ámbito educativo, que é dende onde mellor se poden afrontar, que de feito o Observatorio Galego da Violencia, constituído o ano pasado, dedica un dos seus tres grupos de traballo a esta cuestión, que se adaptaron os currículos educativos por un no ano 2015 para a educación secundaria e de bacharelato, promovendo a igualdade de xénero ou a resolución pacífica de conflitos entre outros, e que ano 2014 no mesmo senso se adaptou para a educación primaria, que todo o que se fala nese sentido contará co apoio do seu Grupo. Remata a sra. Aguado García recordando os teléfonos gratuítos que ofrecen asesoramento no tema que se está a tratar, o 016 e o 800400273, que é o teléfono propio da Comunidade Galega, e que as persoas que os atenden son expertos na materia, que tamén quere sinalar a existencia dun programa de atención psicolóxica apoiado pola Xunta e que no último ano atendeu a máis de trescentas cincuenta persoas.

Concédeselle a palabra ao sr. Saavedra Cantillana que fai uso dela para dicir que pensa que debeu xuntar o manifesto dende o que partiu esta Moción polo que pide desculpas, que el non citou aos partidos políticos, que o que fixo foi citar individualmente ás asociacións e que tamén se dirixiu a unha persoa vinculada ao Partido Popular para que llo comunicara, que ó final tratou de cubrir todo o espectro ou que polo menos o intentou, como inicio dun proceso de visualización por parte da comunidade do Barco do problema que se está a tratar e ademais de evidenciar á poboación de que no Concello hai organismos que están funcionando como o Centro de Información á Muller (CIM) onde se presta atención social e psicolóxica ou tamén apoio xurídico. Di o sr. Saavedra que cando se reivindica polo Concello a necesidade de facer un proxecto a longo prazo é contando co financiamento da Comunidade Autónoma, que neste ano ata o último momento non se sabía si se ía a convocar a subvención, co que se teme non poder sacar adiante os programas proxectados.

Di a sra. Aguado García que quere ratificarse no que xa dixo, que persoalmente ou como concelleira sempre estará disposta a axudar si se cre que pode axudar en algo.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus quince membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

- 1. Colocar o 7 de novembro de 2015, na fachada do Concello unha pancarta violeta co lema “contra as violencias machistas” e promover a participación cidadá na Marcha.**
- 2. Facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, como xa se vén realizando neste Concello, por ser o Día Internacional contra a violencia cara ás mulleres.**
- 3. Reafirmarse no compromiso de seguir sostendo todos os días do ano, todos os anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica, ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei Orgánica 1/2004, reclamando desde este Concello ás administracións estatal e autonómica o establecemento dun sistema estable de financiamento a longo prazo.**
- 4. Manter e asegurar unha atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, insistindo e avogando pola efectividade dentro do proceso de atención da confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva á xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.**
- 5. Contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en tódalas etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.**
- 6. Realizar campañas de sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia en todas as actuacións e servizos de competencia municipal.**
- 7. Erradicar o sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos e apostando por unha linguaxe non sexista.**
- 8. Seguir desenvolvendo como se vén facendo neste Concello, unha atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e a outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, inmigrantes, con diversidade**

**funcional, paradas ou dependentes, e non incorrer na victimización múltiple nos procesos de atención.**

**9. Fomentar a participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres.**

**10. Enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e Informes ao GREVIO para a aplicación do Convenio de Istambul que establece no seu artigo 68 inclúa, conforme aos artigos 7.3 e 18.2, as actuacións da Administración local.**

## **2. Mocións urxentes**

Di o sr. Alcalde que presentouse unha moción polo concelleiro Félix García Yáñez, en nome do Grupo Mixto.

A continuación o sr. Presidente somete a votación a declaración da urxencia do asunto, sendo aprobada por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, concretamente pola a unanimidade dos asistentes, en votación ordinaria.

**Moción presentada polo Grupo Mixto sobre a necesidade de tramitar un estudo técnico-económico sobre a viabilidade de cubrir parte da praza Otero Pedraio de Viloira, que considera necesario para potenciar e romper co actual decaemento da feira mensual e da actividade comercial do barrio.**

O sr. García Yáñez dá lectura da proposición presentada, que copiada literalmente di:

### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Riada Cidadá é un firme defensor da humanización dos espazos públicos: rúas, parques, xardíns e prazas. Así mesmo preocupado polo concentración da actividade comercial en certos puntos do municipio co conseguinte declive nos barrios tradicionais que conforman o Concello pensamos que estas dúas actividades cidadáns: o comercio e o lecer, poden sr complementarias no mesmo espazo público.

Para ningún é un secreto o deterioro da actividade comercial que dende hai anos se está a dar na tradicional feira mensual, do día seis, de Viloira. Feira que está a sufrir un proceso inverso as de outras localidades da comarca. Serva de exemplo a feira de Fontei, na Rúa.

Declive, que obedece a complexos factores, e que non logra frear cando dispón para esta actividade dun espazo urbano ben artillado: praza ampla e arborada, rúas espazosas, aparcadoiros próximos. A mais dunha boa comunicación co resto do Barco: ben a través dun acceso peonil sobre o Sil, ben dunha estrada nacional.

Ao abeiro de iniciativas presentadas durante a campaña electoral: recuperación da “casiña” dos peóns camiñeiros polo concello para convertela en centro social do barrio; próxima cesión por Fomento da rúa Elena Quiroga e probable reorganización de usos; intervención nas rúas paralelas ao río Balado: san Martiño, da Igrexa e Cimadevila, para que non se convertan en zonas marxinais. Neste conxunto de necesarias intervencións urbanísticas propoñemos unha remodelación urbanística da praza Otero Pedrayo como centro dinamizador e iniciador da transformación do barrio.

A actual praza Otero Pedrayo, é o resultado da necesidade de unir o núcleo orixinal de Viloiira, constituído arredor da igrexa de san Martiño, co inicial trazado da estrada N-120 e a ponte de san Fernando a finais do século XIX. Este novo espazo urbano, chamado o Cantón polos veciños, naceu dunha corredoira que foi incorporando, pouco a pouco, terras e xardíns da Casagrande dos Quiroga. Actualmente, plenamente estruturada, conta cunha superficie central arborada, excluídas as beirarrúas e os rúeiros para vehículos, de 1.840 m<sup>2</sup>.

Nela, ademais da feira mensual tradicional, organízanse diversos actos veciñais da parroquia de san Martiño: festa da Oitava do Corpus e o magosto de Novembro. Amais por todos é coñecido o éxito da última Feira do Viño de Valdeorras da que foi determinante o lugar escollido para instalala. Temos así un espazo urbano que reúne as mellores condicións para acoller tamén todo tipo de iniciativas: feiras de produtos tradicionais, mercados semanais de produtos hortofrutícolas, representacións de teatro, proxeccións de cine ao aire libre, concertos e festivais de música, etcétera. Tamén pode converterse no espazo dun sistema de feiras especializadas que potencien e complementen as iniciativas económicas da comarca: Expovaldeorras.

Este potencial lúdico-comercial para o conxunto da cidadanía está sometido a una inclemente meteoroloxía. Hándicap xeneralizado de Galicia, moitos concellos están na dinámica de superar con propostas creativas, e que propoñemos vencer ca idea de cubrir parte deste espazo público.

Polo exposto Riada Cidadá no Concello de O Barco de Valdeorras, presenta ao Pleno da Corporación, para a súa aprobación os seguintes:

#### ACORDOS

1- Requirimos ao Equipo de Goberno do Concello a tramitar un estudo técnico económico cunha memoria valorada para calcular o custo dos traballos dun proxecto arquitectónico que “emporche” ou cubra parcialmente a praza Otero Pedrayo de Viloiira, salvagardando as árbores centenarias, que serva par iniciar a futura remodelación da zona tradicional de Viloiira.

2- Posteriormente abrir un concurso público profesional de proxectos para que sexan os veciños os que escollan, ou rexeiten, o que lles interese.

3- O proxecto debe manter a praza como o lugar de encontro dos veciños e compatibilizar os diversos usos cidadáns. Terá ademais a finalidade impulsar este espazo urbano para ligado as actividades comerciais que potencien e artillen o barrio: oferta hortifrutícola procedente das explotacións labregas comarcais; pequeno comercio ambulante; comercio de proximidade; feira mensual; actividades lúdicas: festas parroquias e tradicionais; sesións de cine;

representacións teatrais, concertos de música....; exposicións e feiras ligadas a sector primario da comarca.”

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal del Partido Popular, o sr. Moldes Gómez, que di que hai que diferenciar un pouco as mocións urxentes de aquelas que non o son e que o seu Grupo pensa que esta Moción que se presenta non é tan urxente.

Di o sr. Alcalde que, como xa saben todos, neste Pleno se debaten todas as mocións que se presentan despois de ser convocado o Pleno, pois non ten outro medio de vir máis que como unha Moción urxente.

Di o sr. Moldes Gómez, xa en relación coa moción presentada, que quere recordar que nas anteriores eleccións municipais, fai catro anos, o Partido Popular levou no seu programa a recuperación da Casa dos Peóns Camiñeiros, é dicir, que o seu Partido foi o primeiro en solicitalo, que en relación cos acordos que se propoñen, queren saber qué parte ou partes da Praza queren que se cubra, que tampouco se explica si é unha demanda dos veciños de Vilaira, pois el estivo falando con algúns veciños e non estaban moi de acordo con iso, que segundo o apartado 2 dos acordos que se propoñen hai que facer un proxecto, no apartado 1 se di que ten que facelo o Concello e no apartado 3 xa case se explica cómo ten que ser dito proxecto, que na Praza de Otero Pedrayo non fai moito tempo gastáronse uns 716.000€ para arranxala e que cre que este asunto debería ir primeiramente a unha Comisión informativa de Obras.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, sr. Alonso Araujo que di que ao principio da Moción presentada se di que *“Riada Cidadá é un firme defensor da humanización dos espazos públicos”*, e que quere sinalar que este Grupo de Goberno leva dezaseis anos demostrando a súa preocupación e a súa sensibilidade co tema da defensa da humanización dos espazos públicos, e que so hai que ver as distintas actuacións en todo O Barco. Di o concelleiro que estase a falar dunha das mellores prazas de Galicia, que polo menos a el é das que máis lle gusta e que o que propón ten un problema técnico xa inmediato e é que ese proxecto, que será moi caro, tería que contar coa autorización expresa de Patrimonio ao afectar á Casa Grande, que habería un condicionante moi grande pois Patrimonio non permite poñer uralitas nin cousas semellantes e que esixe materiais nobres e que fai cinco anos nesa praza se gastaron 700.000€ e que pensa que quedou moi ben, cun proxecto redactado polo arquitecto municipal e cre que nel amosou bastante sensibilidade sobre todo para non quitarlle protagonismo ao entorno que é o protagonista. Prosegue

dicindo o sr. Alonso que a feira ocupa unha cuarta parte do espazo total da praza e coa actuación que se propón na moción non se resolvería o problema de cubrir todos os postos que se poñen na feira, que actualmente están todos ocupados, que o seu Grupo cre que a praza está mellorada e que en relación coa Casa dos Peóns Camiñeiros está pendente de que a Xunta de Galicia decida chegar a un acordo co Concello para a transferencia dese tramo da estrada e a reparación da Casa e que cando iso ocorra o Concello habilitará a partida orzamentaria necesaria para rehabilitar a Casa e que hai outras prioridades como son o remate da rúa Elena Quiroga ou a rúa da Igrexa e dende o Equipo de Goberno entenden que se deben facer antes de acometer calquera outra actuación. Di o concelleiro que na Praza Otrero Pedrayo hai un montón de actividades entre elas a venda de produtos hortofrutícolas e todos eses produtos teñen que ter unhas condicións hixiénico-sanitarias, que tamén hai que dicir que por exemplo á Concelleira de Turismo cústalle moitas veces conseguir xente para que expoñan e vendan os seus produtos nos eventos que organiza dende a Concellería, e que, en todo caso, tampouco se pode pretender potenciar a venda ambulante pois faríasele competencia ao comercio local, que está funcionando moi ben e que merece todo o apoio do Concello. Afirma o concelleiro que dende o Grupo de Goberno entenden e así se está demostrando nos últimos anos, que hai que descentralizar por iso organizan actividades como o programa “*De perto*” en tódolos barrios e localidades, que se podería facer ese estudo técnico pero que o que é inviable nestes momentos é abrir un concurso público pois ten un gasto e que tampouco se coñece o grao de demanda que hai para esta actuación por parte dos veciños, polo que o seu Grupo vai votar en contra da moción presentada.

Concédeselle a palabra ao sr. García Yáñez, quen fai uso dela para dicir que lle parece que se sondou á unha parte dos veciños de Viloira pois el sondou a outra parte que si están de acordo ou polo menos parécelle ben a idea. Prosegue dicindo o voceiro que el na moción só pide un informe técnico do custo a valorar e que con respecto á Patrimonio el acaba de chegar de Santiago, cidade monumental, e que hai intervencións ao lado dunha igrexa dun cubrimento dunha beirarrúa de case 300 metros, que o seu Grupo propón é a idea de potenciar o barrio, é dicir, non significa centralizar os actos na Praza Otero Pedrayo senón que os actos que se fagan e non dependan do tempo para realizalos, que hai formas de cubrir unha praza, que en Galicia a Xunta está potenciado cubrir mercados tradicionais como en Palas de Rei, que en Eibar ou en Xixón tamén cubriron prazas, e que se poden cubrir de moitas formas, por exemplo con cristal. Prosegue dicindo o sr. García Yáñez que a idea da moción é non abandonar o barrio de Viloira, que para iso a presentaron, pero que si os concelleiros valoran que



non serve para iso que voten en contra, que os argumentos que expuxo son moi claros, que é unha idea non para facer agora senón para ter en conta, para falalo cos veciños de Viloira, para ver o custo e que o proxecto podería ir para adiante para o caso de que todos estean de acordo, que é unha idea que el comunica e que coincide en que hai que humanizar todos os espazos do pobo.

Fai uso da palabra o sr. Alonso Araujo quen di que non concorda co sr. García Yáñez no tema de non abandonar o barrio de Viloira, que desde o Grupo Socialista nunca se abandonou o barrio senón todo o contrario e que proba diso é a instalación da pasarela, acondicionamento da praza, arranxo de rúas o investimento no Campiño de Viloira, etc.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde e di que el se queda coa última frase que dixo o sr. García Yáñez no sentido de que é unha idea e que o goberno quédase con todas as ideas pero evidentemente votar a favor da Moción non é só apoiar unha idea senón que é asumir uns compromisos, que cando se poida xa se tratará nalgunha Comisión, que nunca se dixo que se fixera unha enquisa aos veciños senón que o voceiro do Partido Socialista dixo que non lle constaba que esa fora unha das prioridades do tema, que a idea queda aí, que se valorará pero que nestes momentos sería imposible economicamente pois as obras emblemáticas son caras.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria da moción presentada co resultado de que, por dez votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Saavedra Cantillana, Urdangaray Díaz, Neira Ojea, Domínguez Rodríguez, Jares Almeida, Álvarez Fernández), un voto a favor (do concelleiro García Yáñez) e catro abstencións (dos concelleiros Moldes Gómez, Aguado García, Pérez Roca e Melo García) o Pleno do Concello rexeita a moción presentada.

### **3. Rogos e preguntas.**

Pide a palabra o sr. García Yáñez quen, unha vez concedida, di que en abril deste ano o Ateneo Republicano de Valdeorras solicitou que o Concello retirara as placas franquistas que aínda existen nos muros exteriores de tres igrexas do municipio, concretamente na de Alixo, na de Santigoso e na de Santa Mariña, que o solicitou en base a Lei da Memoria Histórica que obriga a que os Concellos asuman esta Lei e a poñan en práctica, e que o

Ateneo Republicano aínda non recibiu resposta e as placas seguen no sitio polo que quere saber o que pasou para non facer cumprir esta Lei.

Contesta o sr. Alcalde que cre se lle mandou un escrito ao Obispado para que procedera a substituír esas placas pero que neste momento non pode dicirlle si contestou ou non, que na primeira Comisión que haxa lle informará con máis detalle do tema, porque a xestión si se fixo diante do Obispado para que procedera a retirar as placas, dado que están en fachadas privadas, que parece que o razoable é que o quite o dono da fachada.

Di o sr. García Yáñez que sería conveniente que cando ocorra unha cousa así se lle conteste á Asociación para que non haxa problemas e que aínda que as placas están nun espazo privado a parte exterior que é igual que cando se pon un letreiro en propiedade dun establecemento pero que ten visibilidade dende a vía pública, que lle parece moi ben que se solicite autorización ao Obispado pero que se non hai resposta habería que actuar en base á Lei da Memoria Histórica, que está para cumprila.

Pregunta o sr. García Yáñez si pensa actuar o sr. Alcalde e solucionar, antes de que ocorra unha desgraza veciñal, o problema, que fai sete ou oito meses a Asociación de Veciños de Veigamuñños comunicou ao Concello, relativo ao perigo que supón a situación dun castiñeiro que está a punto de caer sobre a estrada de Xagoaza, estremeiro co túnel subterráneo.

Di o sr. Alcalde que para o caso de que se puxeran en contacto co Concello non pode afirmar que fora con el ou que lle achegaran esa queixa, aínda que agora a través da pregunta formulada xa ten coñecemento e mañá o concelleiro de Medio Rural irá a inspeccionar o lugar. Di que primeiro se farán as xestións co dono do castiñeiro, pois para proceder a cortar a árbore haberá que abrir un expediente ao ser propiedade privada, que os técnicos municipais ao ter coñecemento de árbores que xeran perigo, por comunicación dos veciños ou da propia Policía Local, pónense en contacto cos donos e ás veces córtanos os donos e ás veces o Concello, si hai perigo inminente, pero que de todas formas se mirará este tema porque non é consciente de que esa queixa chegara á Alcaldía.

Di o sr. García Yáñez que o Concello ten contratada unha empresa para facer a poda das árbores e que esta semana unha poda dos plátanos centenarios dos xardíns da Casa Grande, provocou danos no edificio colindante, que o que quere saber é si o Concello ten responsabilidade nestas árbores, si son da Xunta de Galicia ou do Concello.

Contéstalle o sr. Alcalde que esas árbores son da Xunta de Galicia, o terreo é da Xunta que mercou toda a propiedade, a Casa máis os xardíns, e que en base a unha serie de cesións, que tampouco están documentadas, ao Concello cedéronlle dúas salas e a cambio os xardíns pasaron a ser públicos e o Concello cumpriu coa obriga de manter os xardíns, de feito xa se cortou unha desas árbores que ameaza perigo, que esa corta custoulle ao Concello máis de 7.000€. Di o Alcalde que ás veces os veciños dos edificios colindantes quéixanse das follas e das pólas que caen das árbores, pero que ese é o risco que se ten cando se vive nunha zona a carón de árbores.

Di o sr. García Yáñez que ninguén propón que se corten senón que si eran responsabilidade do Concello que se revisen as pólas, que el o di porque o seguro do edificio colindante vai a presentar unha denuncia.

Fai uso da palabra a concelleira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, sra. Pizcueta Barreiro, que di que ao facer uns traballos de poda é a propia empresa a que ten que arranxar os danos non o Concello.

#### **4. Dación de conta en materia de morosidade (3º trimestre 2015)**

Dáse conta pola alcaldía-presidencia do informe de morosidade do terceiro trimestre do ano 2015, sobre cumprimento da Lei de Morosidade e do informe da Alcaldía sobre xustificación do incumprimento.

#### **5. Dación de contas das resolucións da Alcaldía dende o nº 557/15 ata o nº 627/15 e das actas da Xunta de Goberno Local de 24 de setembro e 1, 8, 15 e 22 de outubro de 2015.**

A Presidencia dá conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 557/15 ata o nº 627/15 e das actas da Xunta de Goberno Local de datas 24 de setembro e 1, 8, 15 e 22 de outubro de 2015.

#### **6. Dación de conta da sentenza recaída no Procedemento abreviado 77/2015 (Álvaro Martínez Fernández)**

A Presidencia dá conta da sentenza recaída no procedemento abreviado 77/2015, cuxa documentación estivo en poder dos voceiros.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 19:52 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez